




PORQUE TE QUERO, de Baldo Ramos. Ed. Galaxia. Estes poemas son reversibles. O libro lese practicamente igual de esquerda a dereita que de dereita a esquerda.

O MUNDO MÁXICO DE LÍA, de Eduardo Santiago. Ed. Xerais. Lía ten dez anos e a súa nai cre que é moi madura para a súa idade. Claro que o resto da xente pensa todo o contrario, sobre todo o pai, que se burla dela porque se nega a falar. Unha noite, Lía foxe da casa e...




CARABELA, de Paula Carballeira Ed. Galaxia. Este libro conta a historia de Carabela, a cociñeira dun barco que naufraga na Illa Pequena de Plástico, onde está soa e rodeada de peixes mutantes que a advirten que son tóxicos, de paxaros que tamén se queixan por comer substancias nocivas. Carabela constrúe unha nena de plástico á que lle conta historias de como é o mundo fóra da Illa Pequena.

O CHISPAS, de Manuel Rivas. Ed. Xerais. Despois dun susto no zoo anos atrás, Dani deixou de falar. Coa esperanza de que recupere a fala, a súa familia decide ir de safari a África. Ao pouco de chegar, unha serie de acontecementos levan ao neno a quedarse desamparado na sabana africana. Unha femia chimpancé, Xúpiter, adoptará a Dani como fillo e abrialle as portas da súa nova familia de chimpancés...



PLASTICUS MARITIMUS, de Ana Pegô. Ed. Kalandraka. Cada hora que pasa, mil toneladas de plástico van dar aos océanos. O equivalente a un camión cheo de plástico por minuto! Porque é artificial, invasora, contaminante e ten unha vida moi longa, esta 'especie' merece ter os días contados.



A A FRAGA DO MEU AVÓ, de Mamá Ca-bra. Ed. Galaxia. Libro CD. A fraga do meu avó está chea de árbores, animais e vida, pero agora vese rodeada de eucaliptos e de xente que tenta cortala. Para concienciar da problemática dos bosques autóctonos e dos espazos naturais

AS CATEDRAIS SILENCIADAS, de Xavier Díaz e as Adufeiras de Salitre. Novo álbum no que, a través das súas cancións, se fai unha chamada de atención á despoboación progresiva do campo e á perda de identidade que isto implica.



TRIPOLLO, de Lúdilo. Con Tripollo podemos xogar ao tres en raia fixándonos en 3 atributos: letra, cor ou imaxe. Un xogo de lóxica e velocidade co que teremos que ir completando liñas de 3 cartas valorando as características da carta.

PIPPI CALZASLARGAS, película de Olle Hell-bom. Unha serie na que Pippi Calzaslargas, unha nena valente e imaxinativa chega a un pobo ao lombo do seu cabalo, Pequeno Tío, e alí coñece a Annika e Tommy.



E PARA OS/AS MAIORES...



DIARIO DUN ENTERRO, de Gonzalo Hermo. Ed. Galaxia. Xacobe, un escritor mozo que vive en Barcelona recibe subitamente a noticia da morte do seu avó materno. Obrigado a regresar a Eiradona, a vila galega onde naceu, alí vólvese atopar co seu círculo familiar e cunha nai mancada polo pasado.

EL OLOR DEL BOSQUE, de Hélène Gestern. Ed. Errata naturae. A vida de Élisabeth Bathori, historiadora da fotografía, cambia abruptamente cando Alix, de oitenta e nove anos, lle confía as cartas do seu tío Alban de Willecot, escritas dende o fronte durante a Primeira Guerra Mundial, e dirixidas ao seu amigo, o famoso poeta Anatole Massis.



A BIBLIOTECA DE FLORA



NO VERÁN,
DISFRUTA COA
LECTURA

CEIP PEDRO CASELLES ROLLÁN



XOVE

PARA LERLLES




SE CHE PICA UN MOSQUITO de Jordi Gastó. Ed. Kalandraka. Estes divertidos remedios rimados que alivian as molestias dunha picadura non se atopan nas boticas, nin se obteñen das plantas. Para que che deixe de picar e de doer, este libro tes que ler.

ATA 10, de Laura Titimoki. Ed. Galaxia. Contar semella fácil, pero non o é... Ou si? Este libro ensínache a contar ata 10 e ata o infinito!!



EI, SUPERAVÓ!, de Paul McCartney. Ed. Xerais. O avó é un aventureiro que sabe facer cousas incríbles... Queres coñecerlo? Co seu compás máxico, leva os seus netos e netas a vivir trepidantes aventuras. Únete a eles e poderás montar en peixes voadores, fuxir de animais salvaxes e escapar de avalanchas!

UN ANO CO VENTO, de Hanna Konola. Hércules Ediciones. A viaxe do vento a través das diferentes estacións está chea de suaves sopros, de tranquilas airexas e de refachos máis fortes. O vento é invisible, pero podemos velo moverse ao noso arredor todos os días. Podes atopar o vento no libro?



OLIVER BUTTON É UNHA NENA, de Tomie dePaola. Ed. Kalandraka. A Oliver Button chamábanlle nena. A el non lle gustaba facer as cousas que se supón que fan os nenos. Gustáballo xogar no bosque e saltar á corda. Gustáballo ler libros e facer debuxos? Oliver é diferente.

NA RIBEIRA, de Petra Bartiková. Baía Edicións. Os ríos, as pozas, as lagoas... Que farían o animais sen todo iso? Sen auga non sobrevivirían. Mesmo algúns viven nela, ben por baixo da superficie... Poderás coñecer o reino animal acuático e subacuático.



PRIMEIROS/AS LECTORES/AS



ALCALDESA VERMELLA, de El Hematocrito. Ed. Xerais. Na selva hai un problema grande, moooooi grande! Pero os animais teñen demasiado medo para intentar descubrir quen é o ser misterioso que os aterroriza cada día. Grazas a unha valente avespa, todo cambia inesperadamente.

MEIGAS FÓRA, de Ramón de Veiga. Ed. Xerais. Entre as vilas de Leira e Beira había moita rivalidade. Unha noite de San Xoán, os veciños e as veciñas decidiron rematar coas envexas e as porfias dos seus mandentarios. Dende entón viven felices en Feira, onde cada 23 de xuño a súa cacharela refulxe coma ningunha outra.



O MEU AVÓ E O QUEIXO, de María Reimóndez. Ed. Alvarellos. Avó e neta comparten o amor polo queixo. Con eles iremos descubrindo deliciosos queixos de Galicia e do mundo coma o Manchego, o Cebreiro, o de Arzúa ou o Gruyère. Os intres compartidos entre neta e avó convértese en grandes festas abertas a un mundo... que é redondo coma un queixo!

O CAMIÑO DAS MAZÁS, de Estrella Ortiz. Ed. OQO. Unha nena camiña, soa, entre árbores escuras, pisadas que soan por detrás, asubíos do vento entre palas que renxen... ata que unha veciña, cantando unha vella canción, e unha comitiva de plumas e patas fan que o camiño se ensanche e alegren o regreso.




EL GRAN LIBRO DEL MAR, de Yuval Zommer. Ed. Juventud. Por que o cangrexo camiña de lado? Por que os pingüíns non se conxelan? A estrela de mar é un peixe? Neste libro atoparás as respostas a estas e a outras moitas preguntas sobre a fauna mariña. Tamén poderás xogar a buscar e encontrar nas imaxes algún que outro peixe especial. Descubre todo tipo de criaturas mariñas escurridizas, relucientes, fortes e asombrosas neste primeiro libro sobre o mar, e déixate sorprenden polas curiosidades do mundo submarino.

LECTORES/AS EN MARCHA



CANDO SOA A BUGUINA, de Xosé Henrique Rivadulla. Ed. Xerais. Para Carme, o son da buguina trae do mar a voz do seu pai. Carme ten oito anos e vive en Muxía coa súa familia. O seu pai é mariñeiro e todas as tardes cando regresa do mar xoga con ela. Pero unha tarde o pai de Carme non volve. O seu barco perdeuse no mar.

AMELIA FANG E OS SEÑORES UNICORNIOS, de Laura Ellen Anderson. Ed. Sushi Books. Amelia e os seus amigos deben atreverse a saír de Nocturnia, rumbo ao Reino da Luz, para rescatar a fada Raiola. Pero hai terróricas gatiños anxo e unicornios axecendo detrás de cada arco da vella. En quen poderán confiar? Serán quen de desenmascarar o verdadeiro vilán que planea dominar o mundo? .



TEÑO OITO ANOS E QUERO SER YOUTUBER, de Xoán Babarro. Ed. Galaxia. Hoxe en día as nenas e os nenos xa non queren ser coma os seus pais e nais. Queren ser youtubers! Nesta nova aventura que nos conta Xoán Babarro, ser youtuber é algo máis que sorprendente.

ERA DÚAS VECES O BARÓN LAMBERTO, de Gianni Rodari. Ed. Kalandraka. Un relato divertido e disparatado que conta as peripecias dun ancián e adifneirado aristócrata que, poñendo en práctica un antigo remedio exipcio, experimenta unha progresiva melloría na súa saúde, entre outros sorprendentes efectos.



EL ORIGEN DE LAS ESPECIES, de Sabina Rodeva. Ed. HarperKids. Dende as incríbles variacións das especies ata a dura loita pola supervivencia, dende a bacteria máis minúscula ata a grande Árbore da Vida: nesta marabillosa adaptación do célebre libro de Charles Darwin, descubrirás a revolucionaria teoría que cambiou o mundo para sempre. A EVOLUCIÓN.